

Bases III Concurso de postais de Nadal Concello de Meis

O Concello de Meis convoca o **III Concurso de postais de Nadal** a celebrar no ano 2024, segundo as seguintes bases:

- 1- Poderán participar no Concurso de postais de Nadal aquelas persoas de entre 3 e 16 anos, empadroados no Concello de Meis ou matriculados no CRA de Meis, CEIP Armenteira ou CPI Mosteiro Meis.
- 2- Cada participante presentará un único traballo ben en solitario ou ben grupal.
- 3- Os traballos realizaranse en tamaño medio folio (A5).
- 4- Os traballos deberán facer alusión ao Nadal.
- 5- Na parte frontal levará o deseño da postal e no reverso os datos persoais da persoa ou persoas participantes:
 - Nome e apelidos
 - Enderezo
 - Idade do/a participante ou participantes.
 - Curso escolar que está ou están a realizar.
- 6- Os traballos presentados no concurso deben ser orixinais e non ter participado noutros concursos.
- 7- O prazo de entrega dos traballos manterase aberto ata o luns 9 de decembro ás 14.00h, no Concello ou centros educativos.
- 8- O martes 10 de decembro, persoal do Concello pasará a recoller os traballos por cada centro educativo.
- 9- As bases do presente concurso expóranse nos taboleiros de anuncios do Concello de Meis, na páxina web e nas redes sociais, do mesmo xeito que se farán chegar ao equipo directivo de cada centro.
- 10- Constituirase un xurado encargado da valoración e elección das postais gañadoras, o cal estará integrado por 3 traballadores municipais.
- 11- Haberá unha única postal gañadora que será a postal oficial coa que o Concello felicitará o Nadal.
- 12- O gañador/a ou ,de ser o caso dun traballo grupal, gañadores, serán premiados con un vale para gastar na librería Nobel de Vilagarcía de Arousa de 60€.
- 13- Os traballos presentados ao concurso pasarán a ser propiedade do Concello de Meis, e poderán publicarse en medios de comunicación e redes sociais.

PROTECCIÓN DE DATOS: O CONCELLO DE MEIS é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de xestionar o concurso. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a pseudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE MEIS. Avda. Cambados - O Mosteiro, 67 - 36637 Meis (Pontevedra). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

En Meis, o 6 de novembro de 2024

Marta Giráldez Barral

Alcaldesa- Presidenta

